asociación de ayuda a familias de drogodependientes

MEMORIA

2016

C/Rosalía de Castro, 13, 1º D. 15004. A Coruña. Tlfno. 981226926. www.adafad.org

INDICE

	Páx.
1. Xunta Directiva	3
2. A nosa tarefa, noso punto de vista, nosos criterios e o noso proxecto	3
3. Equipo de traballo	7
4. Área de Información	9
5. Área de Atención Psicosocial a Familias	10
5.1. Intervencións	10
5.2. Perfil das persoas atendidas	11
6. Área Preventiva	13
6.1. Ámbito Familiar	13
6.2. Ámbito Escolar	16
6.2.1 Educación Primaria	16
6.2.2 Educación Secundaria e Ciclos Formativos	17
6.3. Ámbito xuvenil	24
7. Área de Xestión de Conflitos	28
7.1. Ámbito Familiar	28
7.2. Ámbito Escolar	28
7.2.1. Educación Secundaria e Ciclos Formativos	28
8. Gráficos	32
9. Área de Formación e Investigación	34
10. Área de Relacións Externas	39
11. Colaboracións	40

1. XUNTA DIRECTIVA

Presidenta:

Miriam pérez Fernández

Tesoureira:

Dolores Fernández Gómez

Secretario:

Emilio Fernández Gómez

Vogais:

Faustino Fernández Gómez

Julio Fresco Martínez

María Luz Ugarte Fernández

Non se devengou ningunha cantidade en concepto de dietas ou remuneracións de calquera clase durante o ano 2016 aos membros do órgano de goberno da entidade. A 31 de Decembro de 2016 a asociación conta con 6 socios/as e 48 colaboradores.

2. A NOSA TAREFA, NOSO PUNTO DE VISTA, NOSOS CRITERIOS

ADAFAD é a Asociación de Axuda a Familias de Drogodependentes, sen ánimo de lucro, non confesional e independente de toda filiación política. O seu financiamento é mixto, contando con aportacións privadas así como ca colaboración de numerosos organismos públicos. Foi declarada de Utilidade pública por Orden del Ministerio del Interior o 4 de Abril de 2006, Orden INT/1395/2006, de 4 de Abril, BOE nº 112 de 11 de Maio de 2006.

ADAFAD, está incluída no Rexistro de Centros, Servizos y Establecementos Sanitarios de Galicia, así como no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e no Rexistro de Entidades colaboradoras do Plan de Trastornos Aditivos da Xunta de Galicia.

ADAFAD, nace na primavera de 1996 dunha experiencia persoal, pola que se puido comprobar a utilidade e a necesidade de contar ca colaboración de profesionais no abordaxe e tratamento de certos problemas que cada vez xorden con máis frecuencia no seo das familias.

Algúns conflitos que aparecen nas familias sobrepasan o coñecemento e o afecto, xerando un excesivo malestar, e a miúdo xorden actitudes e comportamentos que motivados pola angustia e a desinformación contribúen, a pesar das boas intencións, a manter e incluso a incrementar o conflito, levando máis angustia e sufrimento.

NOSA TAREFA

O propósito da Asociación ADAFAD é axudar as familias que se atopen en situación de conflito, sumando esforzos con outras institucións, entidades e servizos tanto públicos como privados.

O traballo cas familias pronto nos mostrou a conveniencia de orientar tamén a nosa tarefa ao ámbito da prevención. De este modo no ano 1998 a Asociación ADAFAD amplía o seu labor, e comeza a traballar con xuventude, pais, nais e comunidade.

A nosa principal prioridade é atender a cada persoa, a cada familia, a cada situación tomando en conta a súa particularidade.

NOSO PUNTO DE VISTA

A familia evoluciona dependendo do momento histórico, cultural e social que lle toca vivir e representa a primeira realidade que o ser humano coñece sendo a primeira e principal transmisora de valores.

Os conflitos forman parte ineludible das relacións humanas e están presentes en maior ou menor medida en tódolos ámbitos, afectando á vida das persoas; na familia, na escola e a comunidade en xeral. Os conflitos poden ser unha oportunidade ou un risco. A miúdo, a diversidade de valores, crenzas e culturas do ser humano xeran conflitos que poden contribuír ao desenvolvemento tanto persoal como social si se utilizan as ferramentas adecuadas.

A Asociación ADAFAD ten unha estrutura áxil e moi profesionalizada na que se valoran a formación continua, a iniciativa e as aportacións de cada un dos membros do equipo, sempre dispostos a cuestionarse a forma de pensar e de actuar para responder mellor ás necesidades de persoas e familias.

O método de traballo fundaméntase na atención á particularidade subxectiva, ao caso concreto, entendendo que é neste ámbito onde a Asociación pode xerar solucións.

A Asociación e cada un dos profesionais que a integran están atentos á complexidade, aos continuos cambios da sociedade e aos avances en tódalas disciplinas implicadas no noso ámbito de traballo. De este modo a calidade e a mellora continua da Asociación é un compromiso de tódolos seus membros.

A Asociación ADAFAD e cada unha das persoas que a integran manteñen continuo contacto e cooperación con outras entidades e axentes sociais como instrumento de participación cidadá. Así mesmo tamén favorécese e vehicúlase a implicación daquelas persoas que foron atendidas na Asociación e poden transmitir a outros a súa experiencia.

NOSOS CRITERIOS

Os principais valores que sosteñen o traballo do Equipo de profesionais de ADAFAD son os seguintes:

- Atención á particularidade subxectiva dos usuarios: O traballo que se realiza na Asociación respecta, e ten como obxecto da intervención, en cada persoa e en cada familia, o máis propio e particular implicado no conflito que sofren.
- Gratuidade la atención a familias e mozos e mozas: este traballo de atención a familias e mozos e mozas que os profesionais de ADAFAD levan a cabo non está supeditado a que aqueles paguen cantidade algunha polos servizos prestados.
- Segredo profesional: os profesionais que traballan na Asociación cumpren escrupulosamente os códigos deontolóxicos das respectivas profesións e moi especialmente o deber de secreto profesional.
- Especialidade e experiencia: todo o traballo que ADAFAD desenvolve con familias e mozos e mozas é realizado por profesionais debidamente titulados, cas especialidades que corresponden, e cunha dilatada traxectoria profesional.
- Formación continua: tódolos profesionais que integran o equipo de traballo de ADAFAD manteñen o compromiso de permanecer atentos aos cambios da realidade social e actualizar permanentemente os seus coñecementos científicos.

- Interdisciplinariedade e traballo en equipo: os profesionais do equipo de traballo cooperan mutuamente, e tamén con outras organizacións e servizos da comunidade. Así mesmo atendese gratuitamente tódalas demandas de consello e interconsulta que se nos solicitan.
- Equidade: a asociación e tódolos seus membros consideran imprescindible que toda actuación se leve a cabo sen ningún tipo de discriminación respectando a Declaración Universal de Derechos Humanos proclamada pola Asamblea General da ONU. Si algunha das necesidades non pode ser atendida polos profesionais que en ela traballan búscase o servizo máis adecuado no entorno máis próximo para proceder a súa derivación.
- Eficiencia: a Asociación e os membros do equipo de traballo moi especialmente, están comprometidos activamente ca distribución racional dos recursos.

NOSO PROXECTO

O proxecto de ADAFAD é colaborar cas familias e para iso desenvolve a súa actuación nas seguintes áreas:

- Información
- Atención psicosocial a familias
- Prevención
- Investigación e formación

3. EQUIPO DE TRABALLO

Presidenta

Miriam Pérez Fernández

Equipo Técnico:

Directora

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Atención psicosocial a Familias

Julia Mª García Rodríguez. Traballadora social. Coordinadora

Alicia Arce González. Psicoanalista y Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Desenvolvemento

Manuel Araujo Gallego. Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica. Coordinador

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Formación

Alicia Arce González. Psicoanalista y Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica. Coordinadora

Manuel Araujo Gallego. Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Julia Mª García Rodríguez. Traballadora Social.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria

Área de Prevención

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria. Coordinadora

Cristina Babío Boquete. Educadora Social

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Ana Gómez Abelleira. Psicopedagoga

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria

Alba López-Leitón Veiga. Psicóloga

Cristina Novoa Fernández. Educadora social

Iria Vázquez Losada. Psicóloga

Área de Secretaría Técnica e Administración

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria. Coordinadora.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

Carmen Fernández Barro. Pedagoga.

4. ÁREA DE INFORMACIÓN

Dirixida a todas aquelas persoas que soliciten información. Transmítense coñecementos sobre aspectos relacionados ca Educación para a Saúde, o consumo de sustancias e outros comportamentos prexudiciais, como o mal uso de internet e as novas tecnoloxías, así como a solución de conflitos que pode resultar necesario e útil coñecer.

Especificamente tamén se aborda:

- O desenvolvemento de hábitos de vida saudables e factores de protección.
- A prevención e identificación no ámbito familiar de posibles condutas de risco.
- As transformacións que os hábitos de vida pouco saudables producen na personalidade e na conduta das persoas.
- Os pasos necesarios a seguir para que unha persoa con problemas de consumo de sustancias chegue a solicitar tratamento.
- Os recursos públicos onde acudir.

5. ÁREA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL A FAMILIAS

A continuación recóllense as accións realizadas no área de atención a familias:

5.1. INTERVENCIÓNS

As intervencións diríxense a os membros da familia prestándolles atención tanto de forma individual como grupal. Trabállanse, entre outras, as cuestións seguintes:

- O malestar xerado por un conflito dentro da familia.
- A angustia persoal dos membros da familia.
- As actitudes e comportamentos dos familiares co fin de identificar os adecuados.
- O manexo dos momentos conflitivos.
- O consumo de drogas.
- O uso prexudicial e abusivo de internet e as novas tecnoloxías.

O número total de *familias* atendidas dende el inicio das actividades de ADAFAD en xuño do ano 1996, ata o 31 de decembro de 2016 é de 1.770, cun número total de intervencións de familias (entre as individuais, familiares e as de grupo) de 15.753

No 2016 atendéronse un total de 240 familias, 83 delas acudiron por primeira vez en este año, 157 xa comezaran en anos anteriores. Realizáronse un total de 961 citas de familias, sendo 195 de carácter familiar y 754 de carácter individual.

As familias son remitidas á Asociación desde diferentes entidades sanitarias e sociais, tanto públicas como privadas: Unidades asistenciais de drogodependenzas, Centros escolares, Concellos ou Centros de saúde, entre outros.

A actividade asistencial no 2016 desenvolveuse maioritariamente con familias do área metropolitana da Coruña (Concellos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada); aínda que tamén se atenderon familias procedentes de municipios máis alonxados, como Abegondo, Bergondo, Betanzos, Ferrol, Lalín, Melide, Muros, Ourense, Paderne,…

5.2. PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS

O perfil das persoas atendidas no Programa de Atención a Familias é o seguinte:

- **Sexo**: dúas de cada tres persoas que acoden son mulleres.
- **Idade**: a media de idade das persoas atendidas sitúase en 50,9 anos (dt=11,6; mediana=50). Considerando a serie histórica obsérvase unha certa tendencia á alza.
- **Estado civil**: cerca de seis de cada dez están casadas, se ben existe a tendencia interanual dende 2007 a diminuír a súa proporción e aumentar a de divorciadas .
- **Nivel de estudos**: FP superior (20,9%), universitarios superiores (20%), Bacharelato (16,4%), e estudos universitarios medios (14,5%) son os niveis máis frecuentes. A tendencia interanual apunta a un paulatino incremento no nivel formativo, especialmente en FP superior e estudos universitarios superiores..
- **Profesión**: ao longo dos últimos anos obsérvase un incremento na porcentaxe de parados con traballo anterior entre 2007 (5,2%) e 2012 (11,2%) para diminuír posteriormente en 2013 (10,7%), 2014 (8,9%) e 2015 (7,3%). Se ben en 2016 ascende de novo ao 10,9%. Unha tendencia ascendente obsérvase na cifra de xubilados, que neste último ano alcanza a cifra do 14,5%. Os traballadores do sector servizos presentan a cifra máis alta (30%), seguidos dos funcionarios (13,6%), situación similar á de anos precedentes.
- **Medio de convivencia**: nove de cada dez persoas atendidas viven só con familiares, fundamentalmente fillos e parella, por esta orde. A persoa pola que se acude a consulta é maioritariamente polos fillos (81,8%) e, a moita distancia, pola parella (10%); esta situación manténse estable ao longo dos anos.
- **Motivo principal da demanda**: o 62,7% acoden por un problema relacionado co consumo de drogas, fundamentalmente cánnabis (33,6%), cocaína (20%) e alcohol (4,5%). A heroína foi decrecendo ao longo da serie histórica (2007-2014), ocupando o alcohol nos últimos cinco anos o terceiro lugar que viña ostentando aquela. Non obstante en 2015 e 2016 obsérvase un repunte lixeiro na heroína. O 30% fano por problemas de convivencia, sobre todo conflitos relacionados coas normas (12,7%) e violencia verbal (8,2%) e física (6,4%).

- **Motivos secundarios da demanda**: os problemas de convivencia son os máis frecuentes, chegando ao 60,9% no 2016. Na serie histórica obsérvase unha evolución invertida entre ditos problemas e os relacionados co consumo de drogas. Ata 2012 os problemas de convivencia foron en ascenso mentras os de drogas decrecían, pero dende 2013 observamos a tendencia contraria: disminuen os de convivencia e aumentan os de drogas. Sen embargo en 2016 aumentan de novo os primeiros e descenden os relacionados coas drogas.

- **Idade da persoa pola que se acode**: a idade media da persoa que motiva a consulta sitúase nos 24,3 anos (dt=10,8; mediana=20). Na serie histórica a media mantívose entre os 24 e 28 anos, observándose que só o 25% das que motivan a demanda teñen 30 ou máis anos.

- **Consultas anteriores**: a maior parte das familias atendidas (41,8%) nunca consultaran anteriormente polo mismo motivo da demanda; unha proporción menor (36,4%) xa o fixera noutro servizo nunha ocasión; esta situación mantense invariable dende 2007.

- **Días de espera para ser atendido**: a media observada son 13,5 días naturais (dt=8,1; mediana=12). Ao longo da serie histórica estes parámetros fóronse reducindo de forma evidente, o que demostra unha maior eficiencia na xestión da atención que ADAFAD provee ás familias.

6. ÁREA PREVENTIVA

A continuación recóllense os programas que se desenvolven neste ano según o ámbito de actuación.

6.1. ÁMBITO FAMILIAR.

6.1.1. Xornadas de sensibilización

Esta labor desenvolvese co obxectivo de colaborar cas familias, sensibilizando e informando da importancia do seu papel no desenvolvemento dos seus fillos e fillas, así como da súa función de prevención do consumo de drogas e outros comportamentos de risco.

Relación de actividades de prevención universal desenvolvidas no ano 2016:

"Cómo protexer aos nosos menores na rede"

Concello de A Coruña

AMPA Rasa. CEIP Ramón de la Sagra

Participan 22 persoas

Concello de Cambre

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Participan 5 persoas

En este programa participaron 27 persoas ao longo do ano 2016

"Nais e pais: facendo crecer"

Concello de A Coruña

EIM Padre Rubinos

Participan 23 persoas

Neste programa participaron 23 persoas ao longo do ano 2016

"Todo barco ten o seu capitán"

Concello de A Coruña

AMPA IES Rafael Dieste- AMPA IES Salvador de Madariaga

Participan 31 persoas

Neste programa participaron 31 persoas ao longo do ano 2016

“Esforzo: como e a través de que”

Concello de A Coruña

AMPA Jesuitinas

Participan 14 persoas

Neste programa participaron 14 persoas ao longo do ano 2016

“Como afrontar os conflitos, incluso cómo non xeralos”

Concello de A Coruña

AMPA Jesuitinas

Participan 22 persoas

Neste programa participaron 22 persoas ao longo do ano 2016

“Se me berras non che oio”

Concello de A Coruña

AMPA IES Rafael Dieste- AMPA IES Salvador de Madariaga

Participan 25 persoas

Neste programa participaron 25 persoas ao longo do ano 2016

“ Hábitos saudables e prevención de adicións”

Concello de Culleredo

IES Blanco Amor

Participan 5 persoas

En este programa participaron 5 persoas ao longo do ano 2016

En total nas xornadas de sensibilización universal participaron 147 persoas ao longo do ano 2016

6.1.2. "En Familia todos contan"

O programa é eminentemente práctico e dinámico, dirixido a pais e nais. Desenvólvese ao longo de cinco sesións de grupo dirixidas por unha mediadora co obxectivo de favorecer o desenvolvemento das habilidades e recursos necesarios para afrontar a tarefa que como pais e nais teñen na educación dos seus fillos e fillas e ampliar as súas redes de soporte social.

Os módulos que o compoñen son:

Módulo I: Todo barco ten o seu capitán

- Responsabilidade-autoridade
- Meu fillo e filla crece e... algo ocorre!: ollo, hai chanzos!
- Saber falar - Saber escoitar
- Conflitos: de que falamos? como actuar ante...?

Módulo II: Participando na Comunidade: vínculos

Relación de talleres de prevención selectiva desenvolvidos no ano 2016:

Concello de A *Coruña*

Residencia El Buen Pastor

Participan 12 persoas

Asociación Adafad

Participan 8 persoas

Nas actividades do programa de prevención selectiva participaron 20 persoas ao longo do ano 2016

6.2. ÁMBITO ESCOLAR

6.2.1. Educación Primaria

6.2.1.1. "O imperio da nube e o abatar oculto"

Este taller diríxese ao alumnado que cursa 3º e 4º Educación Primaria. Promóvese no alumnado a toma de conciencia sobre as ventaxes e riscos asociados a internet.

Realízase nunha sesión de unha hora de duración buscando a vertente máis práctica e aplicable dos conceptos e contidos da sesión á realidade do alumnado.

Desenvolvésense os seguintes contidos:

- Que sabemos da nube?
- Que é o que vemos? Que é o que non vemos? Avatar oculto.
- Convivencia na nube

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2016:

Concello de A Coruña

CEIP Ramón de la Sagra

Participan 100 alumnos e alumnas que cursan 3º y 4º Educación Primaria

CEIP San Francisco Javier

Participan 93 alumnos e alumnas que cursan 3º y 4º Educación Primaria

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 193 ao longo do ano 2016

6.2.1.2. "Cine e Saúde: educación en valores"

A través do visionado dunha película e de catro sesións de traballo grupal dunha hora aproximadamente cada unha co alumnado que cursa 5º e/ou 6º educación Primaria e dirixidas por un mediador, farase unha análise e crítica das diferentes situacións e mensaxes que se transmiten, de forma que orienten ao alumnado sobre decisións saudables e responsables.

O programa ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores de saúde e formar ao alumnado en valores, actitudes e habilidades que actúen como factores de protección fronte ao consumo de drogas.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Eu e as miñas diferenzas

- As relacións persoais…
- …e a amizade
- Tempo libre-tempo ocupado

Módulo II: Dificultades: que decidimos? como decidimos?

- a rabia invádenos!
- Cooperamos

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2016

Concello de A Coruña

CEIP Alborada

Participan 78 alumnos e alumnas que cursan 5º y 6º curso de Educación Primaria

CEIP Curros Enríquez

Participan 58 alumnos e alumnas que cursan 51 y 6º curso de Educación Primaria

CEIP Prácticas

Participan 25 alumnos e alumnas que cursan 5º curso de Educación Primaria

Ayuntamiento de Cambre

CEIP Portofaro

Participan 50 alumnos e alumnas que cursan 6º de Educación Primaria

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 211 ao longo do ano 2016

6.2.2. Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Formativos

6.2.2.1. "Habilidades Sociais I"

Neste programa trabállase ao longo de cinco sesións dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa 1º de Educación Secundaria Obrigatoria co obxectivo de fortalecer as súas habilidades sociais para favorecer unha boa convivencia.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Coñecéndonos a nos mesmos e aos outros

Módulo II: Como me relaciono? E os outros?

- Cales son os teus valores?
- Saber falar – saber escoitar

  A mirada, os xestos...

  Escoita activa

  Estilos de comunicación
- Manexar tensións e afrontar conflitos: que fas? que podes facer?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2016:

Concello de A Coruña

Centro de Reeducación Concepción Arenal

Participan 4 alumnos e alumnas de este centro

CIFP Paseo das Pontes

Participan 21 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica.

Colexio Dominicos

Participan 54 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Fernando wirtz

Participan 61 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Monelos

Participan 59 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Rafael Dieste

Participan 109 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Urbano Lugrís

Participan 37 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Zalaeta

Participan 94 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 439 ao longo do ano 2016

6.2.2.2. “Habilidades Sociais II“

Neste programa trabállase ao longo de catro sesións dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria e que desenrolou con anterioridade o programa “Habilidades sociais I” co obxectivo de facilitar unha interacción adecuada en diferentes contextos sociais.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Unha mirada … unha palabra

- Cara a se mesmo e cara aos outros
- As emocións das palabras

Módulo II: As relacións con outros e outras …

- Cumpridos e críticas: dar e recibir
- Un primeiro paso e os seguintes ata o final
- Decido: como o fago?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015:

Concello de A Coruña

Colexio Salesianos

Participan 58 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Agra do Orzán

Participan 102 alumnos y alumnas que cursan 2º da ESO

IES Eusebio da Garda

Participan 117 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Monelos

Participan 58 alumnos y alumnas que cursan 2º da ESO

IES Monte das Moas

Participan 48 alumnos y alumnas que cursan 2º da ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 70 alumnos y alumnas que cursan 2º da ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 453 ao longo do ano 2016

6.2.2.3. " Habilidades fronte as drogas I"

Neste programa trabállase ao longo de tres sesiones dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa 1º Educación Secundaria Obligatoria co obxectivo de facilitar unhas habilidades de comunicación e un desenvolvemento de competencias que actúen como factores de protección fronte ao consumo de drogas.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Como me vexo? Como me ven?: relación

Módulo II: O bo rolo e o mal rolo

- Saber falar – saber escoitar: mirada, escoita activa, estilos comunicación,...
- Manexar tensións
- E tí, qué propós?

Relación de talleres desarrollados en el año 2016:

Ayuntamiento de A Coruña

IES Fernando Wirtz

Participan 57 alumnos y alumnas que cursan 1º ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 80 alumnos y alumnas que cursan 1º ESO

IES Sardiñeira

Participan 70 alumnos y alumnas que cursan 1º ESO

O número de alumnos y alumnas que participaron en este programa fue de 207 a lo largo del año 2016

6.2.2.4. " Habilidades fronte as drogas II"

Neste programa trabállase ao longo de tres sesións dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa 2º Educación Secundaria Obligatoria e que desenrrolou con anterioridade o programa "Habilidades fronte as drogas I" co obxectivo de fortalecer nos mozos una autonomía persoal desenvolvendo competencias para a toma de decisión autónomas e saudables.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Módulo I: Unha mirada... unha palabra

- As emocións das palabras
- Halagos e críticas: dar e recibir

Módulo II: As relacións cos outros e outras...e as drogas

- Decido: como o fago?
- Un primeiro paso e os seguientes ata o final

Relación de talleres desarrollados en el año 2016:

Ayuntamiento de A Coruña

IES Fernando Wirtz

Participan 53 alumnos y alumnas que cursan 2º ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 80 alumnos y alumnas que cursan 2º ESO

IES Sardiñeira

Participan 59 alumnos y alumnas que cursan 2º ESO

O número de alumnos y alumnas que participaron en este programa fue de 192 a lo largo del año 2016

6.2.2.5. "Odisea"

Neste programa traballase ao longo de tres sesións dirixidas por unha mediadora de forma dinámica e participativa co alumnado que cursa Formación Profesional Básica. O seu obxectivo é xerar unha actitude crítica no alumnado acerca da súa postura como individuo e como grupo no modo de ser mozo ou moza, incidindo nos plantexamentos e ideas acerca do consumo de drogas e da posta en práctica de habilidades sociais adecuadas.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Que é ser mozo ou moza hoxe? Quen decide o teu modo de ser?

Modulo II: As relacións cos outros … familia, escola, sociedade …

- Un primeiro paso e os seguintes

  Saber falar, saber escoitar

  Que tes que dicir?

- Toma de decisións … e ti, que estás facendo?

  Espazos e tempos

  Necesitas “muletas”? Consumos socialmente aceptados e outros consumos
- Xordiu un problema, que fago?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2016

Concello de A Coruña

CIFP Someso

Participan 32 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 32 ao longo do ano 2016

6.2.2.6. “Os disfraces do control ”

Neste programa trabállase ao longo de dúas sesións dirixidas por unha mediadora de forma dinámica e participativa utilizando tecnoloxía multimedia e buscando a vertente máis práctica e aplicable dos conceptos e contidos das sesións ás condicións reais dos alumnos e alumnas. Realízase un traballo tanto persoal como en pequeno grupo co alumnado que cursa 1º ESO. O seu obxectivo é fortalecer no alumnado as Habilidades Sociais que favorezan unhas relacións persoais saudables.

Se desarrolla en varios módulos:

Módulo I: O control: Inicio da violencia de xénero.

- É “normal” que...
- Espazos, tempos amizades: onde estás?, canto Tempo? con quen?

Modulo II: Estratexias: relacións saudables, tamén “en liña”

A importancia de...

- As palabras que tes que dicir?
- As miradas e os xestos

Relación de talleres desarrollados en el año 2016

Ayuntamiento de A Coruña

IES Otero Pedrayo

Participan 88 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

El número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 88 ao lango do ano 2016

6.2.2.5. “Afectividade e sexualidade saudable”

Neste programa trabállase ao longo de catro sesións dirixidas por unha mediadora de forma dinámica y participativa co alumnado que cursa Segundo Ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria. O seu obxectivo é xerar unha actitude crítica no alumnado acerca da súa postura como individuo e como grupo no modo de ser mozo e moza que a sociedade transmite, incidindo especialmente nos plantexamentos e ideas acerca da sexualidade.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Que é ser mozo ou moza hoxe? Quen decide o teu modo de ser?

Modulo II: Que é a sexualidade?

- Atracción sexual - namoramento - afectividade
- Modelos de beleza e estética dominante: como o ves? como o ven?
- Estereotipos de xénero: nin están todos os que son … nin son todas as que están
- Tempo de ocio

Modulo III: Que información solicitan? Que queren saber? É posible sabelo todo?

- Sexo sen riscos: enfermidades de transmisión sexual, métodos anticonceptivos, SIDA
- Despois da información, que?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2016

Concello de A Coruña

IES Eusebio da Guarda

Participan 55 alumnos e alumnas que cursan 4º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 55 ao longo do ano 2016

6.3. ÁMBITO XUVENIL

6.3.1. "Activa": Formación de Mediadores xuveniles en prevención de drogodependenzas

É un programa dinámico e práctico dirixido a mozos e mozas entre 18 e 29 años. Desenvólvese ao longo de varias sesións cun total de vinte horas dirixidas por unha mediadora. Ten como obxectivo promover a adopción de estilos saudables de vida e de ocupación do tempo libre na mocidade, favorecendo entre os asistentes as condutas de liderado positivo en relación ao non consumo de drogas en grupo e a reducir a conflitividade na rúa derivada do consumo de drogas por mozos e mozas.

Consta dos seguintes módulos:

Modulo I: Drogas e drogodependenzas. Realidade actual dos mozos e mozas

- Europa – España - Galicia
- Conceptos básicos
- Mitos e realidades

Modulo II: O mediador ou mediadora xuvenil e a prevención

- Mediador ou mediadora xuvenil: rol e funciones. Dinamizar á xuventude
- Prevención
    - Factores de protección e factores de risco
    - Estratexias en prevención: individuais e grupais
    - Ocio e tempo libre

Modulo III: Recursos e direccións de interés

Relación de talleres realizados no ano 2016:

Concello de A Coruña

Centro López y Vicuña

Participan 29 mozos e mozas que cursan Ciclos Formativos

O número de mozos e mozas que participou no programa foi de 29 ao longo do ano 2016

6.3.2 “Prevención consumo de alcol e cannabis”

É un programa dinámico e práctico dirixido a mozos que cursan estudos de Formación Profesional. Desenvólvese ao longo dunha sesión de dúas horas, dirixidas por un mediador. Ten como obxectivo promover no alumnado unha reflexión e actitude crítica que contribúa á toma de decisións saudables respecto ao consumo de drogas en xeral e do alcol e/ou cannabis, ao mesmo tempo que se informa e reflexiona acerca das falsas crenzas que existen con respecto ao alcol e/ou cannabis.

Relación de talleres realizados no ano 2016

Concello da Coruña

Centro López e Vicuña

Participan 64 alumnos e alumnas que cursa ciclos formativos

O número de mozos que participou no programa foi de 64 ao longo do ano 2016

6.3.3 “Conducción e tempo libre”

Ao longo de dúas sesións dirixidas por unha mediadora facilítase información aos mozos co fin de intercambiar formulacións, reflexións, críticas... sobre o gozar do tempo libre asociado coa condución de vehículos e o consumo de alcol por parte dos mozos.

Desenvólvese en dous módulos

Módulo I: Realidade grupal e persoal

- Relacións persoais. necesitas “muletas”?
- Condución, lecer e tempo libre sabes aburrirche?

  A condución tomas as túas propias decisións?

  A noite. Amizades-ligues-sexo?

  Recursos e actividades coñeces os da túa Comunidade?

Módulo II: Realidade comunitaria que lles dirías?

Relación de talleres realizados no ano 2016:

Concello da Coruña

CIFP Paseo dás Pontes

Participan 13 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica

O número de participantes foi de 13 ao longo do ano 2016

6.3.4. “Cambio de sentido”

O programa desenvólvese en Autoescolas ao longo de dúas sesións dirixidas por unha mediadora. Ten como obxectivos:

- sensibilizar aos responsables das autoescolas da conveniencia de levar a cabo programas de prevención para mellorar a información do alumnado en relación aos riscos asociados a condución de vehículos baixo os efectos do consumo de alcohol e outras drogas,
- promover actitudes e condutas máis seguras e responsables na condución de vehículos, baseadas en evitar o consumo de alcohol e outras drogas, no respecto ás taxas de alcoholemia, no uso de cintos de seguridade e en evitar conducir ante o menor síntoma de sono ou cansazo.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Módulo I: Introdución á seguridade viaria, o alcohol e outras drogas

- Descrición da situación actual
- A ilusión de invulnerabilidade
- Uso – abuso

Modulo II: Alcohol e condución

- Cómo actuar ante …

Relación de talleres realizados no ano 2016:

Concello de A Coruña

Autoescuela Llano

Participan 9 alumnos e alumnas

Autoescuela Marte

Participan 6 alumnos e alumnas

O número de participantes foi de 15 ao longo do ano 2016

6.3.5 “A pinga que colma o vaso”

É un programa dirixido a mozos que cursan estudos de Formación Profesional. Desenvólvese ao longo dunha sesión de dúas horas, dirixidas por unha mediadora co obxectivo de sensibilizar e promover no grupo unha reflexión sobre o consumo de drogas en xeral, e do alcol en particular.

Os contidos que se traballan:

- Que é ser mozo hoxe? o grupo e o teu
- Alcol
    - se hai un principio...despois, que?
    - Unha aposta ou outra

Relación de talleres realizados no ano 2016

Ayuntamiento de A Coruña

CIFP Paseo das Pontes

Participan 50 alumnos e alumnas da Escola de Hostelería do CIFP Paseo das Pontes e Xóvenes universitarios Egipcios do programa de intercambio A Coruña-El Cairo, Proxecto Europeo ALLIES de Ocio saludable.

O número de participantes foi de 50 ao longo do ano 2016

7. ÁREA DE XESTIÓN DE CONFLITOS

As intervencións divídense en dous ámbitos;

7.1 Ámbito familiar

7.2 Ámbito escolar

7.2.1. Habilidades para a xestión de conflitos

7.2.2. Xestión e mediación de conflitos no ámbito escolar dirixido ao alumnado

7.1. ÁMBITO FAMILIAR

Dirixida a asesorar na xestión de conflitos no ámbito familiar abordándose, entre outras, as seguintes cuestións:

- O conflito no seno das relacións familiares.
- A responsabilidade na convivencia.
- Os recursos e ferramentas para facer fronte a determinadas situacións conflitivas en diferentes momentos da vida: consumo de drogas, violencia familiar, conflitos xeracionais, etc.

7.2. ÁMBITO ESCOLAR

7.2.1. Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Formativos

7.2.1. "Xestión de conflitos "

Neste programa, ao longo de seis sesións dirixidas por un mediador, trabállase cos alumnos e alumnas de forma dinámica e facendo uso de tecnoloxía multimedia co obxectivo de favorecer as habilidades e recursos necesarios para xestionar os conflitos de forma construtiva, dende o diálogo e a cooperación.

Está composto polos seguintes módulos:

Módulo I: Os conflitos...

- oportunidades? riscos?
- están todos os que son? son todos os que están?
- agresividade? agresión? violencia?
- As diferenzas:

  xénero, cultura, relixión, razas...

  estereotipos, prexuízos, tópicos,
- Como afrontan as túas compañeiras os conflitos? E ti?

O silencio e unha maneira?

Eu gaño – ti gañas?, eu gaño – ti perdes?,...

Módulo II: Como xestionan os conflitos as túas compañeiras? E ti?

- Comunícaste...

  Cando un fala, ti escoitas? E os outros?

  Que preguntas? como preguntas?...

  Os xestos, posturas, miradas... que che din?

  Que percibes? que perciben os outros/as?

  Emocións e sentimentos, Qué facemos con eles?

- Pos en marcha a túa creatividade o polo contrario …

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2016

Concello de A Coruña

Centro de Reeducación Concepción Arenal

Participan 8 alumnos e alumnas de este centro

CIFP Someso

Participan 62 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica

IES Calvo Sotelo

Participan 38 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica

IES Elviña

Participan 38 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Fernando Wirtz

Participan 65 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Monelos

Participan 59 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Monte das Moas

Participan 99 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Sardiñeira

Participan 43 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Urbano Lugrís

Participan 34 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 446 ao longo do ano 2016

7.2.2. "Xestión e mediación de conflitos no ámbito escolar dirixido ao alumnado"

Ao longo de varias sesións, dirixidas por unha mediadora, trabállase co alumnado de forma grupal co obxectivo de dotarlles dos recursos, técnicas e estratexias básicas para mediar en conflitos e no seu caso formar parte de "Equipos de mediación en conflitos" no ámbito escolar.

Desenvólvese a través dos seguintes módulos:

Modulo I: Os conflictos…

1. Oportunidades? riscos?
2. que pasou? Cando os "abres" atópaste…
    - 2.1. como os ves?
        - 2.1.1. como os miras?: masculino – feminino
        - 2.1.2. Diferenzas
    - 2.2. como o dis?
        - 2.2.1. A linguaxe
        - 2.2.2. Estereotipos
        - 2.2.3. E as tecnoloxías: whatsApp, …
    - 2.3. houbo un principio? E… en que momento estamos?
3. Nin están todos os que son… ni son todas as que están
4. Como afrontan os teus compañeiros e compañeiras os conflitos? e ti?, o silencio é unha maneira?

Modulo II: E se falamos de violencia de "control": como? cando?

Modulo III: Mediación familiar

5. que é? como se fai?
6. con quen contamos?

Módulo IV: Alumnado? Mediadores escolares?

6. Participar na realidade do centro, relacionarnos?
7. Que se necesita? Que necesitas tu?
8. Escoitas? Preguntas? Deixas que cho conten?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2016

Concello de A Coruña

IES Elviña

Participan 7 alumnos e alumnas que cursan ESO

Concello de Mugardos

IES Mugardos

Participan 9 alumnos y alumnas que cursan ESO

O número de alumnos y alumnas que participaron en este programa fue de 16 a lo largo del año 2016

8. GRÁFICOS

A continuación preséntanse os datos dos últimos catro anos relativos ao ámbito escolar y familiar

Gráfico 1: Número de aulas que participan nos programas de prevención



Gráfico 2. Número de alumnos e alumnas que participan nos programas de prevención



Gráfico 3. Número de familias atendidas.



Gráfico 4. Número de citas familiares.



9. ÁREA DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN

ADAFAD é unha Asociación preocupada pola Formación do seu equipo de traballo e das mediadoras que colaboran con ela. Así mesmo da resposta á demanda dos/as profesionais que están interesados no traballo con familias.

Ao longo do ano 2016 desenvólvense diversas accións dentro do programa de formación e investigación:

"Grupos de traballo. Servizos sociais – Adafad: traballando con familias"

Ten como obxecto a colaboración entre profesionais dos Servizos sociais do Concello da Coruña e profesionais de Adafad na formación específica do traballo que se realiza con familias, analizando e valorando a pertinencia da intervención que se desenvolve.

No ano 2016 está en funcionamento un grupo de traballo:

- Continua traballando desde o seu inicio no ano 2013 fórmano un total de 9 profesionais e desenvólvense ao longo do ano 2016 un total de 8 sesións de traballo.

"Métodos e técnicas de intervención social: Acoso escolar. Bullying"

O programa diríxese a profesionais do ámbito dos servizos sociais co obxectivo de transmitir os contidos necesarios para que os asistentes estean en condicións de identificar e abordar situacións de acoso escolar.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Modulo I: Panorama actual: Europa – España - Galicia

Modulo II: Identificación do acoso escolar

- Contextualización: definición e criterios
- Tipos e consecuencias. Tratamento da diferenza

Modulo III: Servizos sociais comunitarios: detección e abordaxe do proceso

- Primeiros indicios
- Intervención

Modulo IV: Estratexias de intervención

Modulo V: Pautas legais

Relación de talleres realizados no ano 2016:

Concello de A Coruña

Centro Cívico San Diego

Participan 13 profesionais do ámbito socio-educativo e policial do Concello de A Coruña

O número de participantes foi de 13 ao longo do ano 2016

No **ámbito interno** da Asociación traballáronse e expuxéronse distintos temas:

20 de setembro "O Esforzo".

13 de decembro "do neno Ideal ao neno Real"

No **ámbito externo** realizouse a seguinte formación:

Marzo. Curso Formación de Agentes sociales comunitarios sobre el abordaje de personas con problemas de salud mental. Servizo de Traballo Social da EOXI A Coruña. Hospital Universitario de A Coruña

7 de abril. Xornada de traballo "Avaliación das intervencións de prevención de consumo de sustancias psicoactivas en espazos de lecer nocturno e botellón". Consellería de Sanidade. Santiago de Compostela.

8 e 9 de abril. XX Xornada do ICF " Facer parella… con que?". Fundación Paideia. A Coruña

15 e 16 de abril. II Xornada "Desenvolvemento Neurosensopsicomotriz, desenvolvemento mental". Attendere. Fundación Paideia, A Coruña.

12 de maio. Sesión Científica sobre "Historia do Psicoanálisis en Galicia". Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia. A Coruña.

1 de outubro. Obradoiro "intervención no acoso escolar". Sección Psicoloxía Educativa do colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

5-6 e 7 de outubro. XIV Xornadas Igualdade e Coeducación. Concello de Mugardos.

5 de outubro al 14 de decembro. Seminario "sexualidade e saúde Mental" dentro do programa de Formación Continuada do Servizo de Psiquiatría do Hospital Marítimo de Oza. A Coruña.

10 de outubro-24 de novembro Aula Aberta da DXT. "Educación en seguridade viaria para a prevención de consumos de alcohol e outras sustancias psicoactivas"

18 e 25 de outubro. Curso de Clínica Psicoanalítica. "do malestar na cultura á ética da psicoanálise: Suxeito, desexo e culpa". Instituto do Campo Freudiano. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.

19 de outubro. "como intervir en tabaquismo". Axencia Galega para a xestión do coñocemento en Saude- ACIS. A coruña

29 de octubre. Curso PFID "Técnicas de intervención en Terapia Breve centrada en solucións". Facultad de Psicoloxía. Universidade de Santiago de Compostela.

8 e 15 de novembro. Curso de clínica Psicoanalítica. "A pulsión: da mitoloxía Freudiana ao concepto do goce". Instituto do Campo Freudiano. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña

16 de novembro ao 27 de decembro. Curso on-line "Igualdade de oportunidades: Aplicación Práctica en Servicios Sociais". Escola Virtual de Igualdade. Instituto da muller.

2 de decembro. Xornada sobre prevención do consumo de drogas en adolescentes "Vellas e novas adicións máis problemas e as mesmas soluciónns?". Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

ADAFAD intervén co relatoiro: " A prevención familiar: A gran materia pendente"



24 de outubro. X Xornada ADAFAD "O ser adolescente da post?- crise"

A Asociación de Axuda a Familias de Drogodependentes, Adafad, un ano máis, como cada dous, organizou unha xornada de reflexión e debate, nesta ocasión baixo o título "o ser adolescente da post?- crise".

PROGRAMA

09.30-10.00 Presentación da Xornada.

Dna. Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeral Sanitaria. Directora de ADAFAD.

10.00-10.45 "Actualidad de la adolescencia".

D. Manuel Fernández Blanco. Psicoanalista. Psicólogo Clínico. Adjunto do Servicio de Psiquiatría do CHUAC. A Coruña.

Presenta: Dna. Alicia Arce González, Psicoanalista. Psicóloga Clínica. Coordinadora da área de formación de ADAFAD

10.45-11.30 "El proyecto Scopio: tratando de medir (y comparar) el desarrollo de las capacidades juveniles en España".

Dr. Eusebio Megías Valenzuela. Psiquiatra. Director Técnico da Fundación de Axuda contra la Drogadicción(FAD) e do Centro Reina Sofía sobre Adolescencia e xuventude (CRS).

Presenta: D. Manuel Araujo Gallego. Psicólogo Clínico. Coordinador da área de desenvolvemento de ADAFAD

11.30- 12.00 Inauguración Oficial

D. Alfonso Alonso Fachado subdirector Xeral de Planificación e Programación Asistencial da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas.

12.30-13.15 "El acoso en la Red: Claves para entender y Prevenir"

Dr. Antonio Rial Boubeta. Doctor en Psicología Social. Profesor titular da Área de Metodología das Ciencias do Comportamento. Director técnico da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario. USC. Santiago de Compostela.

Presenta: Dna. Julia Mª García Rodríguez. Traballadora Social. Coordinadora da área de Atención a Familias de ADAFAD.

13.15-13.45 Os conferenciantes coméntannos.

Este espazo dedícase aos comentarios entre os conferenciantes como preámbulo ao intercambio cos asistentes.

13.45-14.15 Discusión cos asistentes

16.30-17.15 "Videoxogos, xogos online e apostas na rede. Unha visión práctica e humana dos problemas do xogo nos adolescentes".

Dra. Patricia Gómez Salgado. Doctora en Psicoloxía. Investigadora e docente. Facultade de Psicoloxía. USC. Santiago de Compostela.

Presenta: Dna. Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeral Sanitaria. Coordinadora da Área de Prevención de ADAFAD.

17.15-18.00 “De los Géneros a la Violencia: un análisis sociológico de la Violencia de Género en las parejas adolescentes”.

Dña. Ana Mª Rubio Castillo. Socióloga. Técnica no Centro Reina Sofía sobre Adolescencia e Xuventude (CRS). Madrid.

Presenta: Dna. Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeral Sanitaria. Directora ADAFAD.

18.30-19.00 Os conferenciantes coméntannos.

Este espazo dedícase aos comentarios entre os conferenciantes como preámbulo ao intercambio cos asistentes.

19.00-19.30 Discusión cos asistentes.

19.30-20.00 Clausura oficial.

Dna. Silvia Cameán Calvete. Concelleira de Xustiza Social e Coidados.

Concello da Coruña

10. ÁREA DE RELACIÓNS EXTERNAS

Relacións Externas

- ADAFAD é membro da Unión Española de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente, UNAD.
- Visita da Concelleira de Servizos Sociais do Concello da Coruña, Dna. Silvia Camean á Sede de ADAFAD.
- Xornada de sensibilización "Persoas sen teito". Centro Cívico Cidade Vella. Concello da Coruña.
- Colaboración co Proyecto Europeo ALLIES de lecer saudable. CIFP Paseo das Pontes e mozos e mozas universitarios Exipcios do programa de intercambio A Coruña - O Cairo. Programa Erasmus.
- Convenio de colaboración para a realización do Prácticum do alumnado da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, USC.
- Convenio de colaboración para a realización das prácticas de Posgrado da Facultade de Psicoloxía da Universitat de Valencia.
- Convenio de colaboración para a realización de prácticas profesionais do Grao de Pedagoxía da Universidade Nacional de Educación a Distancia, UNED.
- Leváronse a cabo reunións de divulgación das actividades da Asociación con profesionais de diversas entidades e recursos da provincia da Coruña.

Medios de Comunicación:

Prensa escrita:

17 de marzo: "A Opinión" A Coruña. Entrevista a Dna. Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria. Coordinadora da Área de Prevención de Adafad.

16 de outubro: " A Opinión" A Coruña. Entrevista a Dna. Mª José Lamas Dopico. Directora de Adafad. Psicóloga Sanitaria.

11. COLABORACIÓNS

ADAFAD contou durante o ano 2016 ca colaboración de diversos organismos públicos para o desenvolvemento das súas actividades: Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación; Deputación Provincial de A Coruña; Concellos de A Coruña, Cambre e MugardoAsí mesmo colaborou a empresa privada Fergo Galicia, s.l. Tamén se contou ca colaboración dea Unión de Asociacións e Entidades de atención al drogodependente, UNAD.